

# A ORQUESTRA

## *Instrumentos de corda*



O violín, a viola, o vilonchelo e o contrabaixo forman unha familia dentro da orquestra.

Estes instrumentos non son os únicos de corda, por suposto, pero son os máis antigos na formación da orquestra. A partir deles xurdiu a orquestra moderna.

# O VIOLÍN

O violín, igual que os demais instrumentos da súa familia, tócase fretando as súas cordas coa axuda dun arco ( formado por crins de cabalo tensadas), aínda que ás veces púlsanse cos dedos ( efecto chamado “ **pizzicato**”)

Ao fretar, pulsar ou golpear unha das súas **catro** cordas, esta vibra, pero soaría moi pouco se non fose porque posee o que chamamos “ **caixa de resonancia**”.



Aínda que externamente pareza un instrumento sinxelo, necesítanse 70 pezas de madeira independentes a 10 pezas suplementarias para construír un violín.

A “**alma**” do violín, por exemplo, é unha peza alongada, situada no interior do corpo. É a encargada de soportar a presión das cordas, apoiando cada un dos seus extremos entre tapa e tapa do armazón. Se a alma cambiase a súa situación , variaría o son do violín.

Actualmente os instrumentos adoitan construírse en serie, igual que outros utensilios fabricados na industria.

Antigamente o construtor ou artesán de violíns, ou **luthier** era quen de facer un son característico de cada un dos violíns construídos no seu obradoiro.

## OS VIOLÍNS NA ORQUESTRA

Os violíns adoitan estar divididos en dous grupos: violíns primeiros e violíns segundos.

o “**concertino**” é o primeiro violín da orquestra. É o encargado de afinar a toda a orquestra.

As posibilidades tímbricas desta familia de instrumentos depende da forma de facer vibrar as cordas. Algunha destas posibilidades son: vibrato, trémolo dobres cordas, pizzicato, armónicos, staccato...

Escoita o seu son, profundo nos graves e brillante nos agudos nunha versión da coñecida canción de **Ed Sheeran** “**Perfect**”, interpretada por **Marco Rajt**.



# A VIOLA

A viola é de maior tamaño co violín. Polo que as súas cordas son máis longas e o seu son é máis grave. Tócase coa mesma técnica e posición co violín.

Escoita asuite nº 1 de J.S.:Bach interpretada con viola, percibirás a beleza do seu son.



Posición da viola na orquestra.



# O VIOLONCHELO

O violonchelo é de maiores dimensións co violín e a viola, polo que obriga ao intérprete a tocalo sentado. O instrumento suxéitase entre as pernas e apoiado no chan mediante unha varilla graduable de metal.

Escoita o seu son (podes buscar a mesma suite nº 1 de Bach pero interpretada con violonchelo); é moi similar á voz humana o que fai que o seu timbre teña unha excepcional beleza.



# O CONTRABAIXO

É o instrumento de corda máis grave desta familia. Polas súas dimensións as cordas acadan a máxima lonxitude e grosor.

O intérprete ten que tocar sentado ou de pé.

É moi frecuente escoitalo en "pizzicato", máis a miúdo que o resto dos instrumentos da súa familia.

A pesar da dificultade para tocalo, existiron virtuosos como **Doménico Dragonetti**( 1763-1846), quen escribiu varios concertos para este instrumento , tan difíciles que só el era capaz de tocar. Dragonetti foi amigo de Beethoven, puido ser el quen inspirou o coñecido pasaxe adicado a este instrumento no **3º movemento da 5ª Sinfonía.**

Busca **PINK PANTHER Theme | double bass quintet | Božo Paradžik & students.** Nesta peza de Henry Mancini interpretada por cinco contrabaixos poderás apreciar as posibilidades sonoras deste instrumento.



shutterstock.com • 639109714